


boletín do cesg

Colexio de
Educadores Sociais
de Galicia

Nº22 XUÑO 2005



Colexio de Educadores Sociais de Galicia

Rúa Gómez Ulla, 7-3º
15702 Santiago de Compostela
cesg@colexioeducadores.com

ESPAZO DE ENCONTRO

“EDUCACIÓN SOCIAL CON INFANCIA E FAMILIA EN DIFICULTADE SOCIAL”

A idea fundamental que levou á Vocalía de Formación do CESG a pensar no deseño e desenvolvemento deste Espazo de Encontro, se asentaba na convicción de dar resposta á necesidade de atender ás problemáticas e limitacións nestes contextos da acción social, desde a e as posibilidades para superalas. Por elo, decidiuse denominalo “Espazo de Encontro” para así expresar e poñer de manifesto que o discurso nestes eidos é necesario construílo desde a profesión, desde a reflexión sobre a práctica, e reelaboralo co Corpus científico propio da Pedagogía Social.

Como resumo xeral extraemos as seguintes conclusións dos contidos abordados nas sesións de mañá e tarde:

1. **“Intervir en clave de profesión”**. Camiñar cara procesos de identidade que nos afirmen como profesionais de educación social e non en función do posto de traballo que ocupemos. A consolidación da profesión vai intimamente ligada á imaxe profesional, e o que nos une é a profesión, a Educación Social. Complementariamente se poden dar o discurso do ámbito e o discurso do posto de traballo. A produción deste coñecemento debe recaer nos Colexios Profesionais e os retos para a superación das limitacións da acción educativa nos diferentes sectores de intervención se asentan sobre a base do aumento do rigor, da calidade e da ética como premisas básicas. A solidez nos discursos incrementará a nosa presenza pública e, consecuentemente, mellorará a imaxe social da profesión.
2. **“Cuestionar as evidencias”**. Tendo en conta que a educación non é neutral, debemos comprometer nos activamente con prácticas sociais máis xustas, cuestionando as funcións de vixilancia e control social; neste sentido debemos ser capaces de comprender o distanciamento entre o marco legal e a realidade que está regulando, binomio enormemente influído pola opinión pública que endurecerán ou flexibilizarán as normativas segundo os acontecementos do momento. Así mesmo, débense repensar os significados de desigualdade, risco, e vulnerabilidade social así como os nosos prexuízos e tópicos tendo en conta que os ditos procesos están presentes en diferentes contextos familiares e sociais que están sendo afectados cada vez máis pola precarización do emprego e a falta de tempo para educar na nosa sociedade.
3. **“Metodoloxía participativa e comunitaria”**. Tanto César Muñoz como Carme Panchón resaltaron a necesidade de intervir desde/con as familias e as infancias fronte a intervención para as familias e as infancias. Partindo dunha concepción da persoa humana como ser que desexa, que sinte, que pensa, os educadores/as sociais debemos utilizar técnicas que provoquen o desexo, a formación dunha opinión, a toma de decisións. A relación de axuda que define Carme Panchón debe constituírse como unha axuda emancipatoria, para a autonomía e a participación social. Debe ser unha axuda cercana, inmersa na realidade territorial (contexto, entorno) das persoas.

Algunhas das reivindicacións expresadas polos participantes resaltaron:

- dignificación do traballo, mellorando as condicións e recoñecendo as funcións dos educadores con contratos acordados coa nosa profesión.
- inclusión da figura do educador/a social como categoría única no Convenio Colectivo do Persoal Laboral da Xunta de Galicia.
- coordinación nos equipos de traballo e posta en marcha de comisións mixtas centros, servizos sociais e equipos técnicos do menor.
- supervisión externa.....
- formación permanente e reciclaxe como estratexia de mellora e de calidade da práctica profesional.

A modo de avaliación do Espazo de Encontro consideramos que os obxectivos propostos cumpríronse sobre a base dos seguintes feitos:

- **Implicación activa dos asistentes a través dun diálogo próximo e fluído cos conferenciantes das xornadas das mañás.** Se ben o sábado 21 as intervencións se centraron nas limitacións e posibilidades da intervención socioeducativa coas infancias, as adolescencias e as familias, o sábado 28 o contexto tornouse moi interactivo e abrangueu os aspectos metodolóxicos e as técnicas propias da profesión que segundo a terminoloxía proposta por César Muñoz levaba implícita o uso do prefixo co: *cooperación, colaboración, comunicación, compromiso, corresponsabilidade*, etc.
- **Coñecemento persoal e posta en común das distintas experiencias desenvolvidas polos educadores/as nos diferentes contextos**, segundo os grupos de traballo, “Centros de Protección e Reeducación” e “Programas de Infancia e Familia” en concellos de máis de 20.000 habitantes e menos de 20.000 habitantes no sábado 21.
- **Creación dun grupo de 16 profesionais para traballar en aspectos que interesan ó colectivo**, sobre todo, resaltouse a necesidade da elaboración de instrumentos de traballo e protocolos propios para a intervención educativa con familias e infancias en dificultade social.

Laura Cruz.
Eva López Soto.

- Non facer caso das definicións preelaboradas, senón saber ler entre liñas.
- Non adoptar unha actitude pasiva, senón activa, de observación e reflexión para a acción.
- Investigar as técnicas propias do educador/a social sen limitarnos a copiar as de outros profesionais. Técnicas como a titoría, a relación educativa,... Instrumentos como a palabra,... Actitudes como a pregunta, a escoita, a observación,... Sentimentos como o respecto.
- Facer da vida cotiá, do trivial e o latente, espazos reais de vida, de creatividade, de posibilidades novas, de pracer (desexo) e de transformación real.

ACTUACIÓNS REALIZADAS

- ✓ Contactos para organizar reunión coa Directora da Asociación de Educadores Familiares de Galicia, D^a Ana M^a Domínguez Miguez.
- ✓ Realización e envío dos diplomas de asistencia ao Espazo de Encontro "Educación Social con infancia e familia en dificultade social" que se levou a cabo os días 21 e 28 de maio de 2005, conxuntamente con Informe-Resumo das conclusións obtidas no mesmo.
- ✓ Xestión de traslados de expediente recibidos no CESG procedentes dos Colexios de Educadores Sociais da Rexión de Murcia e da Comunidade Valenciana.
- ✓ Envío de traslados de expediente aos colexios de educadores do País Vasco (GHEE-CEESPV), Valencia (COEESCV) e Catalunya (CEESC).
- ✓ Últimas xuntanzas dos Comités Organizador e Científico do IV Congreso Estatal do/da Educador/a Social organizado polo CESG. Últimas conclusións do evento.
- ✓ Envío dos libros/CD's de Actas do IV Congreso Estatal do/da Educador/a Social aos congresistas, dinamizadores e coordinadores de "Grupos de Traballo" ou "Encontros por Ámbitos" na versión en castelán.
- ✓ Contactos con Galiciaempleo.net para analizar a posibilidade de redeseñar a bolsa de emprego da web do CESG, co obxecto de facela máis operativa e dinámica.
- ✓ Envío de escrito aos/ás colexiados/as en situación de paro, recordatorio da necesidade de actualizar as tarxetas de demanda de emprego cara a efectuar correctamente o cobro do 2º semestre 2005 a finais de xullo.
- ✓ Organización do Curso de formación: "O conflito. Concepto, dinámica e estratexias de intervención", en colaboración co Instituto de Formación da Fundación Pere Tarrés. Días 1, 2, 15 e 16 de xullo. (Aprazado por falta de asistentes)
- ✓ Escrito á Deputación Provincial de A Coruña en relación á convocatoria de 2 de xuño de 2005, pola que se acorda convocar o procedemento de elaboración de listas de aspirantes á contratación laboral temporal para praza de educador/a social (BOP A Coruña nº 131 de 10 de xuño de 2005), recordando a necesidade de incluír aos/ás habilitados/as polo CESG en igualdade de condicións que aos/ás diplomados/as en Educación Social.
- ✓ RECURSOS DE REPOSICIÓN:
 - Cinco recursos de reposición ao Concello de Arteixo, contra as bases para a provisión en propiedade, polo procedemento de oposición libre, de dúas prazas de dinamizador de centro social (dinamizador sociocultural); unha praza de alfabetizador de adultos; unha praza de monitor socioeducativo; unha praza de monitor-animador de terceira idade e unha praza de técnico de planificación social. (BOP de A Coruña nº 112 de 19 de maio de 2005)
 - Recurso de reposición ao Concello de Burela contra as bases de selección para a contratación como persoal laboral non permanente mediante contrato de interinidade dun/dunha educador/a familiar de servizos sociais, anunciadas no xornal *El Progreso* de data 16 de xuño de 2005.
 - Recurso de reposición ao Concello de Avión contra as bases para a provisión dunha praza de encargado de biblioteca municipal e oficinas de información establecido por decreto da Alcaldía de data 6 de xuño de 2005 (BOP nº 134 de 14 de xuño de 2005)

NOVAS PUBLICACIÓNS DISPOÑIBLES NA BIBLIOTECA DO CESG:

- *Plan estratéxico de Xuventude*. Xunta de Galicia.
- *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*. Xunta de Galicia. Real Academia Galega. Instituto da Lingua Galega. (2 exemplares).
- "Boletín Xove de Información e Emprego Xuvenil". Nº 133. Xuño 2005. Xunta de Galicia.
- "Estatística de adopcións e acollementos". 2005. Xunta de Galicia.
- Revista "Perfiles. Revista general de política social". Nº 210. Xuño 2005. ONCE.
- "Boletín Aldizkaria". Nº 119. Xuño 2005. Centro de Documentación de Drogodependencias.
- "Boletín Informativo CEOMA". Nº 11. Xuño 2005. Confederación Española de Organizacións de Maiores.
- Revista "Educar(NOS)". Nº 29 II época. Xaneiro/Marzo 2005. Grupo Milani.



ARTIGO DE INTERESE

COLEGIO PROFESIONAL DE EDUCADORES SOCIALES DE ANDALUCÍA: O NOVENO COLEXIO PROFESIONAL DO ESTADO

O noveno Colexio Profesional de Educadores Sociais do estado é xa unha realidade.

O día 18 de maio de 2005 foi aprobada por unanimidade dos grupos parlamentarios, no Parlamento autonómico de Andalucía, a Lei de creación do Colexio Profesional de Educadoras e Educadores Sociais de Andalucía.

A promoción e dinamización deste proceso foi levada a cabo pola Asociación Profesional de Educadores Sociais de Andalucía (APESA), que dende a súa constitución fai quince anos vén traballando e reivindicando o recoñecemento social e profesional da Educación Social en Andalucía.

A creación deste novo colexio pode supoñer un novo empuxón ao traballo que vimos realizando dende fai tempo co obxectivo da creación do "Consejo General de Colegios de Educadores/as Sociales del Estado". Este organismo tería a función de representación da nosa profesión en todo o estado, ademais regularía as relacións intercolexiais e interviría naquelas cuestións que afecten a todos os colexios e tamén nas que superan o ámbito autonómico e precisan ser tratadas dun xeito global.

A lei de creación deste novo colexio foi publicada no *Boletín Oficial de la Junta de Andalucía* do día 17 de xuño e no BOE de 1 de xullo. Pódese consultar na páxina web www.colexioeducadores.com, así como os requisitos de habilitación.

Para coñecer mellor a Asociación Profesional de Educadores Sociais de Andalucía (APESA), podedes visitar a súa web: <http://apesa.iespana.es>

